



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

BASES DO CONCURSO “ENTROIDO CHOQUEIRO 2021”

- 1) Poderá participar calquera persoa empadroadada no concello de Bergondo que cumpra o establecido nestas bases.
- 2) Haberá dúas (2) temáticas diferentes:
 - **CONCURSO DE DISFRACES** de temática choqueira; entendendo por choqueiro aquela persoa que para disfrazarse usa a súa propia imaxinación, empregando roupa, atavíos convencionais, accesorios, máscaras, etc. para resultar estafalario, sen empregar traxes comerciais. Haberá **catro (4) categorías**:
 - 1) O negocio ou establecemento.
 - 2) A familia.
 - 3) Individual adulto.
 - 4) Individual infantil (ata 12 anos).
 - **CONCURSO “A MÁSCARA DE BERGONDO”**: A máscara ten que estar relacionada co entroido galego (*por exemplo: peliqueiros de Laza, cigarróns de Verín, pantallas de Xinzo de Limia, boteiros de Viana do Bolo, etc.*)

Unha mesma persoa poderá participar en calquera dos concursos. No caso do concurso de disfraces, pódese participar en diferentes categorías sempre que non se repita disfrace.

- 3) Os/as gañadores/as recibirán vales polos seguintes importes:
 - O negocio ou establecemento: 200€.
 - A familia: 150€.
 - Individual adulto: 100€.
 - Individual infantil (ata 12 anos): 100€.
 - Máscara de Bergondo: 100€.

Os vales serán para canxear en calquera dos establecementos adheridos á campaña “En Bergondo mellor”.

- 4) Ademais, os cinco (5) primeiros/as participantes de cada concurso e categoría recibirán un vale de 20€.
- 5) Non se pode acumular máis dun vale. Sempre se recibirá o de maior importe.
- 6) Para poder participar no concurso será necesario acceder á aplicación que se creará especificamente para este evento (accesible dende o facebook e a web do concello de bergondo- *bergondo.gal*) e :
 - **Cubrir os datos e os permisos** necesarios na aplicación .
Neste sentido, os/as participantes dan o seu consentimento expreso para:
 - 1) A publicación da fotografía.
 - 2) A cesión dos datos á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE BERGONDO, que se encargará de xestionar os vales gañadores.

No caso dos grupais (negocio, establecemento, familia) enténdese que a autorización é realizada por todo o grupo.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- **Subir unha (1) fotografía** co disfrace/s e/ou máscara. Deberá ter unha boa calidade de resolución.
- 7) O prazo de participación estará aberto ata o día 21 de febreiro ás 22:00 horas . As recibidas fóra deste prazo non poderán participar no concurso.
 - 8) Poderanse rexeitar aquelas fotografías que non contén cunha axeitada calidade de resolución e non se admitirán as que poidan ferir a sensibilidade das persoas ou que sexan contrarias á Lei.
 - 9) Os participantes deben comprobar que a súa foto foi subida á rede social. Se por algún motivo a fotografía non fose subida, poderá reclamarse no correo electrónico cultura.deportes@bergondo.gal ata o día 23 de febreiro ás 14:00 horas.
 - 10) Unha vez recibidas, as fotografías iranse subindo ás redes sociais do concello a través da aplicación Easypromos, integrada na rede social Facebook do concello de Bergondo.
 - 11) Dende o mércores 24 de febreiro ata o 1 de marzo ás 12:00 horas cada unha das fotografías presentadas poderán recibir os votos. A fotografía de cada categoría que mais votos será a gañadora. En caso de empate habilitarase un sorteo dende a propia plataforma.
 - 12) Os vales deberán gastarse en calquera dos establecementos adheridos á campaña “En Bergondo mellor” ata o 15 de outubro, data na que caducarán.
 - 13) O vale correspondente ao Premio individual infantil será entregado á persoa que figure como representante na inscrición do concurso.
 - 14) No caso de ser necesario o concello poderá solicitar aos gañadores a documentación que estime pertinente.
 - 15) A participación no concurso conleva a aceptación das bases da convocatoria.
-